

# A visión da Galiza desde a emigración: entre a cuestión nacional e a asimilación identitaria a través de *Galicia Moderna*, *Centro Gallego* e *Terra* (1885-1923)

UXÍO-BREOGÁN DIÉGUEZ CEQUIEL

Cátedra Alexandre Bóveda (Universidade de Vigo)

## **Resumo**

A prensa do tecido societario galego alén mar é unha das fontes de maior relevo de cara a recrearmos e estudarmos a emigración galega. Cando menos, é de grande interese para coñecermos de perto a urdime organizativa que deu lugar á comunidade galega expatriada. Así pois, a través dos periódicos *Galicia Moderna*, *Centro Gallego* e *Terra* esculcamos na presente achega arredor da visión que da Galiza tiñan as nosas e nosos emigrados.

## **Palabras chave**

Emigración, identidade, patriotismo, nacionalismo, desleixamento, orgullo.

*Yo ví de Londres las eternas nieblas...  
Do quier, errante, mi dolor llevé;  
mas del pesar en medio á las tinieblas,  
Galicia mia, nunca te olvidé!*  
(...)

*Altivos montes, pintoresca vega,  
sonrrientes valles, cielo de zafir,  
el desterrado que á admiraros llega,  
siente gozoso el corazón latir!*  
Manuel Vázquez Castro, 1872

É ben sabido que desde finais do século XVIII se deu un fluxo migratorio desde a Galiza cara América do Sul de enorme relevo. Esta realidade é a que explica que nacesse no 1790 no Río da Plata a «*Congregacion de naturales y originarios de Galicia*» e que, para alén da devoción cristiá, no 1804 se fundara a primeira, que se saiba, asociación «étnico-relixiosa» estranxeira en Cuba, segunda en toda América do Sul: a «*Santa Hermandad de Santiago el Mayor*», tal e como ten afirmado José Antonio Vidal Rodríguez.

Coincidindo co tempo da independencia de Cuba, a chegada de galegas e galegos á illa caribeña iría *in crescendo*, dando lugar a criazón da «*Beneficencia de los Naturales del Reino de Galicia*», fundada no 1871/2. Ora, no 1879 sería cando tomase corpo a fundación dunha casa común para todas e todos os fillos de Galiza: o Centro Galego da Habana, xurdido o 29 de novembro daquel ano. Da fortaleza da comunidade galaica na capital cubana fala a situación da nova ubicación do centro a partir do 1905, data na que é mercado como sede o céntrico Teatro Nacional (antigo Tacón), operación que supuxo un desembolso de 525.000 pesos ouro americanos, adquirindo a comunidade galega, así mesmo, terreos e edificios que ficaban ao carón daquel emblemático inmóbel, de incomparábel marco –en pleno cerne da Habana, no Paseo do Prado (José Martí), fronte ao Parque Central, entre o Capitolio Nacional e o histórico Hotel Inglaterra–.

Da vontade de mellora en favor do país natural daqueles homes e mulleres que estaban detrás desta iniciativa fálanos, por exemplo, o feito de ser ao seu abeiro que se fixara como hino galego –e se cantara por vez primeira en público alén mar cara 1905– o poema *O Queixume dos Pinos*, de Pondal, con música do mestre Pascual Veiga, ou o ben relevante feito de se crear a partir dos esforzos de Fontenla Leal, directivo do devandito centro, a *Asociación Iniciadora e Protectora da Real Acade-*

*mia Galega*, por non falar de como desde un inicio se dotaría a que fora *Beneficencia dos naturais do Reino de Galiza* de 3 seccións: de ‘Recreo e Adorno’, de ‘Declamación’ e de ‘Instrución’, esta última ao cargo dunha escola de instrución xeral, de idiomas e unha biblioteca da que dependían 109 alumnos no ano 1881, unha sétima parte das socias e socios –por aquelas datas 701 cotizantes, para no 1916 superar os 70.000 asociados–. Mais sobre todo teríamos que referirnos a unha ampla rede escolar tecida na Galiza sob deseño e patrocinio daqueles e aquelas desterradas.

Neste ambiente as proclamas patrióticas galegas serían habituais, mais tamén as propias de asimilados polo proxecto nacional español. Unha realidade doadamente observábel a través das diversas publicacións que a colectividade galega en Cuba e o conxunto de América iría editando, caso de *El Eco de Galicia*, *Galicia Moderna*, *Labor Gallega*, *Suevia*, *Centro Gallego ou Terra*, entre outros. En todo caso, practicamente o sentir diferencial e reivindicativo galaico estará presente na maior parte de cabeceiras e medios de expresión das e dos emigrantes organizados. Entre estas, as publicacións que representarán a posición máis militantemente patriótica galega serán *A Fouce* e *Patria Galega*. A primeira publicación ficaría alimentada desde o 1926 até o 1942 pola bonaerense *Sociedade Nazionalista Pondal* e a segunda sería dirixida e mantida por Fuco Gómez desde La Habana e que cronoloxicamente fica, ao igual que a anterior, alén do noso marco de estudo para a presente intervención, nomeadamente entre o 1941 e o 1961; e no que os nosos compatriotas podían ler afirmacións como a que segue, en lembranza do cabodano dos labregos asasinados en Guillarei no 1922:

É lamentable que os balcóns todos deste noso querido Centro Galego foran enlutados cada vez que de Madrid nos chegaron noticias do falecemento dun Eduardo Dato ou de calquera outro fillo esporeo da Galiza ao servizo da España imperialista, e que iso mesmo non se teña feito cando os pais, os irmaos e os fillos dos fundadores e sostedores deste Centro Galego son asasinados arteira e covardemente alá, na Galiza, pola España que someteu o noso pobo ás crueldades da Inquisición; pola España dos capitáns xenerais, que puxo en práctica o pior en todo país onde chegou a dominar; pola España que en todo tempo deu á Galiza e aos seus fillos o mais irritante trato de inferioridade... (*Patria Galega* 21: 6).

Malia ser imposíbel nuns poucos minutos (e follas) abordar na mesa redonda na que nos achamos a temática que xera desta volta a nosa comparecencia, faremos un repaso, por moi epidérmico que este for, por tres ben relevantes e representativas publicacións de entre as existentes na Galiza expatriada no cambio de século, entre o XVIII e o XIX, para vermos cal era a opinión/imaxe que do país tiñan os emigrados da altura.

## 1. *Galicia Moderna*, La Habana (Cuba)

Volvendo á xénese do que sería o Centro Galego da Habana, observamos como nacería no ano 1885 o periódico semanal *Galicia Moderna*. Toda unha declaración conceptual e ideolóxica de país é a que encerraba a lenda deste cabezallo, que entre liñas falaba da superación dunha Galiza atrasada; tarefa diante da que as e os emigrantes terían de asumir un papel destacado. Esta publicación tería como referencia máis próxima o periódico *El Eco de Galicia*, dirixido polo galeguista Waldo Álvarez Insua desde o seu primeiro número, aló polo ano 1878. Un medio de comunicación que recibiría as loubanzas do galeguismo organizado en diversas ocasións. Así, diríalle o poeta Eduardo Pondal a Álvarez Insua, recoñecendo o bardo a seña ideolóxico-identitaria do medio que este dirixía: «*Estoy verdaderamente satisfecho al ver la actitud patriótica que manifiesta en su periódico...*».

Ora, *Galicia Moderna* tería unha liña moderada no referido á cuestión nacional galega fronte ao paradigma simbolizado por *El Eco de Galicia*, ficando ben integrada, digamos, no mundo hispánico. Con todo, será constante un ton ‘galeguista’, amplamente entendido –aínda que sen rachar co encaixe rexional redeseñado contemporaneamente en clave española a partir do 1812–. Así, no primeiro número da devandita publicación en nota editorial fica claro o orgullo polo propio, a partir do que irá medrando a reivindicación dunha orixe definitoria:

Pero ni todos estos amantes lazos que muchas veces son la única razón que nos aconseja vivir, ni el transcurso de los años, ni los reveses de fortuna, ni la desaparición de nuestro hogar primero, son causas bastantes para que olvidemos las impresiones de la infancia, ni para borrar de nuestra memoria el lugar hermoso, ya conocido, ya oscuro, en que nacimos (*Galicia Moderna*, 3/05/1885:1).

Na altura na que unha vez ao mes saían os vapores do Marqués de Campo desde o porto de Vigo cara a costa de La Habana, Porto Rico e New York, *Galicia Moderna* tipificaba á Galiza, desde un inicio, como patria natural, con total claridade, no concerto de patrias e nacións do Mundo, aquela que non tiña parangón, posto que «*...no hay sobre la superficie de la tierra otra más hermosa*» (*Galicia Moderna*, 3/05/1885:1). Expresións estas que debemos enmarcar nun galeguismo romántico, mais que politicamente patriótico, herdeiro do provincialismo; lonxe de declaracións como a que segue asinada polo doutor López de la Vega no veterano *El Eco de Galicia*:

¡Gloria al provincialismo galaico! Patria querida, no seas por más tiempo víctima del opróbio (...). Los gallegos nobles y briosos saben que el patriotismo es una virtud (...).

Queremos ser cráteres de independencia fraternal, no lechos de ignominia, cipreses de funerario luto (*El Eco de Galicia*, 26/11/1882: 5).

Temos de ter presente que paseniñamente nas revistas e xornais das galegas e galegos expatriados serían numerosos os autores que cultivasen o xénero da poesía. A partir desta tamén se destilarán imaxes sobre o país daqueles expatriados e das terras que lle deran acollida (por veces, máxime en casos e tempo histórico como o que nos ocupa, máis efectivas que as xeradas pola prosa e o ensaio). Por regra xeral, terase da Galiza unha imaxe bucólica, *folclorizante*, na que se reflexa un país, tal e como era, eminentemente agrario, onde o ‘verde’ da súa flora destaca en contraste sobre o ‘azul’ do mar e o ‘marrón’ escuro dunha terra labrada desde tempo inmemoriábel, máis o contraponto desta estampa represéntano aqueloutros versos nos que a pobreza se fai protagonista da rima, lonxe de toda mitificación da terra propia, na que cobran vida as e os desherdados: «*A anduriña ten chouza n-a tella / soiol ô probe lle turran d’a orella e danll’a matar*» (*Galicia Moderna*, 3/05/1885: 6). A música como acompañante das e dos pobres itinerantes está ben presente en boa parte dos versos que recrean esta imaxe da Galiza, da mao da zanfona, gaita, tamboril e/ou bombo, onde o can será o fiel compañeiro do esmolante, cego ou non.

Ora, estes discursos/imaxes que traemos a colación son dunha parte da colectividade galega expatriada (a que ficaba organizada e tiña a preponderancia necesaria para garantir a súa presenza mediática; en todo caso minoritaria se pensarmos nos centos de miles de expatriados galegos). Até que punto representativas da totalidade da nosa comunidade desterrada? Pregunta de imposible resposta, desde logo.

Afondando en maior medida neste idea, imos ir observando como as imaxes creadas non escapan da compoñente ideolóxico-política e de posicionamento na loita de clases. Así, xunto á reivindicación identitaria (non necesariamente reñida co proxecto nacional español) observamos como se dá a imaxe de ser a nosa Terra un chan que tería como característica a mansedume das súas xentes, idea mantida en máis dunha ocasión por *Galicia Moderna*. Unha imaxe que contrasta cun tempo histórico caracterizado por peches, motíns de abastecemento ou primeiras folgas operarias galegas. Nesta liña, e diante dun motín protagonizado por comerciantes e labregos da contorna de Betanzos, –pola imposición de gravames por parte das autoridades municipais fronte a que se arengaría *en favor da República e a Liberdade* (sic)–, *Galicia Moderna* tomando por boas as información dadas desde Galiza polo compostelán *El Correo Gallego*, entre liñas dará a entender que a resposta popular sería desproporcionada, afirmando:

[...] sensible es que en un país tan pacífico como Galicia, empiezen (sic) a tener lugar estos tristes espectáculos hijos de locas predicaciones y que hacen que el pueblo que nó está educado en sus deberes forme tan triste juicio del respeto que se debe á la autoridad y desconozca la forma en que debe dirigirse a esta cuando crea vulnerado alguno de sus derechos (*Galicia Moderna*, 2/08/1885: 3).

E que imaxe habería do país no referido á cuestión relixiosa? Pois quen se acercar a *Galicia Moderna*, nomeadamente aos espazos adicados a ‘información’, non tería dúbida de que a Galiza de finais do XVIII sería un país eminentemente católico. Neste senso, na antesala das celebracións en homenaxe ao Apóstolo Santiago do 1885, fálase de como xa a altura da primavera se estarían deseñando os actos conmemorativos a tan egregia figura; sen crítica algunha, claro. Indicaríase que a Xunta directiva da ‘comisión preparatoria’ da devandita celebración reuniríase cada mércores no pazo arzobispal compostelán, reproducindo palabras textuais da citada comisión na que se fala da grande devoción que no século XIX se tería polo ‘Patrón de las Españas’.

Por último, a imaxe e idea que terían aqueles emigrados que lideraban o periódico *Galicia Moderna* dos seus compatriotas expatriados, sería, como non era de estrañar, positiva, tal como se aprecia en diversas descrições que atopamos da comunidade galega na devandita publicación:

[...] el personal de nuestras provincias que forman la Colonia Gallega en la Isla de Cuba, la componen en su mayoría modestos obreros, laboriosos é inteligentes industriales y honrados dependientes...[de elevado] amor propio (*Galicia Moderna*, 16/08/1885: 7).

Para aqueles fundadores do Centro Galego da Habana as nosas e nosos emigrados eran: «...jóvenes (...) llenos de salud y vida [que] vienen a ganar con su trabajo honrado, pan para sus ancianos padres y modesta fortuna para su porvenir» (*Galicia Moderna*, 16/08/1885: 7).

Por certo, é interesante observar que España, como construto e realidade político-xurídico-administrativa, non aparece apenas na devandita publicación. De tal xeito que diante da inauguración das obras do camiño de ferro entre Ourense e Monforte se afirma, en base ao interese fundamentalmente económico, que:

[...] el 1º de mayo próximo se abrirá a la explotación el trozo de vía comprendido entre los Peares y Monforte, que nos unirá con el resto de la Península, del que hemos permanecido por tanto tiempo aislados con tan gran detrimento para nuestra agricultura, industria y comercio (*Galicia Moderna*, 24/05/1885: 4).

Sen dúbida, a teima da maioría daqueles emigrantes era posibilitar para si e a súa/nosa Terra un grao de desenvolvemento e benestar non experimentado até o momento, diante do que se combatería calquera ataque a esta premisa, idea perfectamente expresada na frase que segue: «¿Habrà, pues, algo de ilógico ó de estraño en esperar que nuestra patria alcance un grado de esplendor, de cultura y de felicidad que los demás pueblos envidien?» (*Galicia Moderna*, 14/06/1885: 1), palabras asinadas por José Novo y García que de inocentes non tiñan nada, pensamos.

## 2. Centro Gallego, Montevideu (Uruguai)

Seguindo co repaso de publicacións galaicas de alén mar, que nos falan da imaxe que as nosas e os nosos emigrados tiñan do país propio, detémonos na revista homónima do Centro Galego de Montevideu, «*órgano de la colectividade galega en el Uruguay*». Nesta publicación, nascida ao pouco de se organizar na Galiza as *Irmandades da Fala*, fraternidade patriótica galega por antonomasia daquel tempo, a idea que se dá de partida dos galegos e, por extensión da Galiza, é a dunha «...*entidad colectiva de fuerza y orden, honor y orgullo...*». Malia que orgullosa, unha realidade por veces necesariamente a dignificar:

[...] ya no son los gallegos los que aspiran a ser lo que deben ser, sino también sus descendientes orgullosos de su estirpe, quieren ayudarnos a dignificar y hacer venerar todo lo que sea gallego (*Centro Gallego*, 15/03/1918: 2).

Non deixa de se observar nesta publicación un claro cheiro de subordinación, non cuestionada, en relación a España. Este construto estará presente con normalidade en case todos os números da revista, pondo marcos ao desenvolvemento do noso país en chave hispánica. Esta afirmación fica ben as claras cando se editorializa arredor da denominada ‘Fiesta de la Raza’. Co gallo do aniversario en terras uruguaias da, seica, descuberta de América a directiva organiza uns actos, propiamente españois, nos que se enxalza a figura de Cristóbal Colón. Facéndose eco das palabras do presidente desta sociedade de emigrados, Félix Martínez Castro, afirmase na revista *Centro Gallego* o que segue: «*Colón es gallego! Y el descubrimiento de América es gloria, única y exclusiva de España*» (*Centro Gallego*, 28/10/1917:1-2). España para aqueles sería a «única Patria», con maiúsculas pouco inocentes, fronte a unha Galiza que será o «lugar máis fermoso» do Mundo e unha «terra encantada» (sic), que fai parte daquela ‘Gran Patria’. Unha terra, segundo o *Centro Gallego*, a partir de información do xornal coruñés *La Voz de Galicia*, que tiña a convicción de que no exército español estaba o garante da súa ‘tranquilidade’ fronte a ‘propostas revolucionarias’ (*Centro Gallego*, 13/11/1917: 3).

Esta liña discursiva deixase ver tamén a través da poesía que aparecería na devandita publicación galaico/española-uruguiaia. Outra volta, esta dá conta da imaxe que desde alén se tería sobre o país da mao de parte da nosa comunidade expatriada:

Galicia, primer jalón  
de la España poderosa.  
De su diadema grandiosa  
Eres un rico florón (*Centro Gallego*, 30/11/1917: 4).

En xustiza, debemos dicir que gradualmente tamén aparecerán poemas, mellor dito, un poema, en clave patriótica e independentista, ora, na práctica reprodución dunha obra elaborada na Galiza, non alén mar. Era aquela a peza do bardo ourensán Valentín Lamas Carballal intitulada *Deus Fratesque Gallaecia*, é dicir *Deus protexa a Galiza*:

Galicia, esperta y érguete lixeira  
Cobra, loitando, á libertá perdida  
Que mellor é morrer, que confundida  
Vivir co-a qu' é pra ti como extranxeira.  
(...)  
O día dá tua groria xa comeza:  
!Loitade, pois, irmaos, ¿Que val a morte  
Si logramos á nosa independenza? (*Centro Gallego*, 31/12/1917: 2).

A importancia da aparición deste poema ten a ver coa realidade que puidera haber por tras. É de entender, e a falta de máis documentos, que no marco desta publicación, e por extensión daquela parte da colectividade que representa, que comezaba a tomar maior pulo o sentir nacionalista galego, en rifa con aquel outro españolista. Sexa como for, quen sería o responsábel de que este poema saíse publicado naquel número de *Centro Gallego* do 1917? Sen poder respostar con rigor a esta cuestión, o certo é que houbo quen tivo a vontade de que estas liñas de Lamas Carballal foran lidas por aquelas e aqueles que ollaban o citado medio de comunicación. É máis, esta realidade é ben visíbel na propia páxina na que aparece o poema que vimos de reproducir, na que nun texto intitulado «El despertar de Galicia» indícase, en alusión ao movemento nacionalista liderado polas *Irmandades da Fala*, que como unha:

[...] 'pombiña mensaxeira', nos trae el cable noticias del resurgimiento del regionalismo en nuestra amada tierra. (...) Nosotros, que amamos tanto a la tierra lejana, esperamos con gran ansiedad que (...) se vean realizados nuestros deseos de ver á Galicia ocupar el prominente lugar que por derecho le corresponde.... (*Centro Gallego*, 31/12/1917: 2).



Ora, estes desexos non resultan coincidentes cos cantos de Lamas, en forma dunha realidade xurídico-política soberana, senón, dunha dependencia tenue «...dentro del solar patrio»; para que a Galiza «...deje de ser la Cenicienta española» (*Centro Gallego*, 31/12/1917: 2). A imaxe que estes terán dun movemento como o nacionalista, semella distorsionada, mesmo non comprendido –intencionadamente ou non-. Observámolo nas palabras de Manuel Casás, palabras que dicían compartir os responsábeis da revista *Centro Gallego*:

[...] el regionalismo gallego (...) ha venido siendo un romanticismo puro, exclusivo; el culto a nuestro idioma, las bellezas naturales de nuestra tierra, nuestros hábitos (...) fueron el único asiento de nuestro relieve nacional. En los actuales momentos el sentimiento regionalista reivindicatorio, no es tan sólo expresión de ansias españolas... (*Centro Gallego*, 31/12/1917: 2).

Este «rexionalismo» galaico non tería a ver co catalán, «siempre disgregador», afirmaba aquel coruñés que chegaría a presidir a Real Academia Galega durante o primeiro franquismo, entre o 1942 e o 1960. Afirmando aquel, aliás:

[...] el regionalismo es un movimiento que debemos impulsar. Más conviene advertir que el regionalismo gallego no puede ni debe acomodarse al patrón catalán. Al contrario, entendemos que el nacionalismo de Prat de la Riba, de Cambó y de sus secuaces ofrece un gravísimo peligro de disgregación y de francionamento para la nación española [a Patria con maiúsculas!]... (*Centro Gallego*, 28/02/1918: 5).

E é que Galiza sería un chan, segundo esta publicación e os seus mantedores, que non se tería significado na negación do construto político-administrativo español; así o noso país:

[...] [no] puso en sus protestas jamás un grito de odio, [...] no amenazó jamás con explosiones de rebelión separatista, lleva en su entraña, sobre las quejas legítimas de todas las demás regiones, una razón fundamental de alarido. Galicia vive en sus campos, es decir, en casi la totalidad de su reino, en la misma situación en que los abusos señoriales del feudalismo colocó a los vasallos en la segunda Edad Media (*Centro Gallego*, 31/03/1918: 4).

Á luz desta última cita, e das anteriormente expostas, foi mágoa que esta revista mensal non vise máis números que aquelas súas trece primeiras entregas, quedando a súa xeira interrompida o 15 de abril do 1918. Tería sido de interese ollar a reacción suscitada a partir da que sería a *I Asambreia Nazonalista Galega*, desenvolvida baixo a

iniciativa das *Irmandades da Fala* en Monforte entre o 17 e o 18 de novembro daquel mesmo ano, *xuntoiro* coñecido como a *Asamblea Nazonalista de Lugo*.

### 3. Terra, Bos Aires (Arxentina)

A partir do desenvolvemento do movemento patriótico galego veremos como se irán agudizando as dúas concepcións, *grosso modo*, que coexisten entre a emigración galega respecto ao país; aquela desacomplexadamente galeguista e a españolista. Mais tamén no referido á primeira verase unha dupla vertente. Unha cuestión que explicita extraordinariamente ben Antón Vilar Ponte nun texto do ano 1923 tamén saído no prelo emigrado, nomeadamente en Buenos Aires:

Hai duas cras de galeguistas (prescindindo xa dos rexionalistas, á antiga, dos cursis do rexionalista 'sano y bien entendido'): os que queren camiñar depresa e os que queren camiñar paseniñamente (*Terra*, 25/07/1925: 15).

Naquel ano formalizaba na capital arxentina, nomeadamente o 4 de agosto, a *Irmandade Nazonalista Galega*, dependente da organización homónima de aquén terra capitaneada por Vicente Risco. Á calor do grupo que organiza esta Irmandade nasce *Terra. Idearium da I.N.G. n'América do Sul*, sob a dirección de Ramiro Illa Couto. O primeiro número da publicación saíría un mes antes do Día da Patria de 1923, día grande do país fixado, en coincidencia co 25 de xullo, polas *Irmandades da Fala* dous anos atrás. Este grupo e publicación serán coincidentes con eses que querían 'camiñar depresa', segundo a expresión do maior dos irmáns Vilar Ponte.

Nesta orde de cousas, a través de *Terra* ollamos como a Galiza é vista como un país refén do poder central(ista) español, así como dun caciquismo que lle era funcional ao *establishment* hispánico. Esta realidade remontaríase, a dicir dos editores da devandita publicación, a finais do século XV, cando se iniciaría o proceso de «doma y castración del Reyno de Galicia», no marco da tentativa isabelina de dominación do conxunto da Península Ibérica. Aseverándose que o caciquismo non é un fenómeno propriamente galego, senón que «...é un artigo d'importación que chegou a ela [á Galiza] envolto nas follas das leises que pra nos fixeron en Madrid, e un regalo máis que debemos a Castela» (*Terra*, 25/08/1925: 4).

Así mesmo, a maioría dos emigrantes serían vistos como uns descastados, indicándose que: «Os galegos de América (...) tan amantes da sua terra (...) están contribuíndo co seu diñeiro e coas suas iniciativas a que Galicia desapareza pra sempre ausorvida

*pol-os seus dominadores (...)*», dado que malia os galegos de América sosteren escolas sosterase en Terra que «...a escola particular pagada pol-os americáns ten idéntica oientación, igual timo espiritual qu'a escola pagada pol-o Estado da que é unha autiva colaboradora nas suas tarefas antigalegas» (*Terra*, 1/10/1925: 8).

## Conclusiones

Unha das fontes máis ricas para o coñecemento da realidade societaria galega expatriada é o abondoso elenco documental conformado por meritorios voceiros impresos que aquela orixinou. A través dos centos de periódicos, xornais e revistas paridas pola comunidade galega emigrada sabemos da organización desta, das súas preferencias de destino e, entre outros, do tema polo que fomos chamados ao presente encontro e mesa redonda: a imaxe que tiñan do seu país aqueles e aquelas protagonistas da emigración galega; empregando nós a tal fin, e desta volta, as publicacións periódicas *Galicia Moderna*, *Centro Gallego* e *Terra*.

Un tema, o tratado aquí, pouco estudado e que nós brevemente introducimos, a partir da suxestiva proposta do comité organizador do presente simposio, en base a unha dicotomía na que haberá, abofé, que afondar. Unha dualidade que nos leva a verificar dúas 'Galizas' alén terra, tal e como acontecía e acontece aquén mar: a orgullosa, que se recoñece parte dun proxecto nacional propio, reclamando un estadio de soberanía que ten como suxeito político o pobo galego, e unha outra que se di formante (e se sente) dun proxecto nacional esóxeno, o español, mais tomado como propio. Ora, non é menos certo que en ambos os casos achamos, por unha banda, como hai un importante sentimento de pertenza á Terra, digámolo así, conceptualizada por cada quen dun ou doutro xeito –Patria, Rexión, etc– e, por outra, observamos como hai unha vontade superadora dunha situación de subdesenvolvemento desa Terra propia, manifestada singularmente na construción dun forte tecido escolar –o que nos fala implicitamente da idea/imaxe que aqueles emigrantes tiñan sobre si e arredor dunha Galiza atrasada; observemos que a maior parte dos emigrantes partían cara a terras estrañas sendo analfabetos, asumindo como súa a responsabilidade de melloraren a calidade de vida dos seus compatriotas en base ao ensino e, nomeadamente, ao coñecemento científico. Realidades que eles e elas coñeceron alén mar, dado que debemos non esquecer que boa parte dos nosos e das nosas emigrantes foron *ciudadanizados* –logo de partiren dunha terra na que, na práctica, eran servos contemporáneos– e alfabetizados en América do Sul, mais tamén, en boa medida, politizados, coñecendo realidades negadas á propia Terra –caso de sistemas domésticos de hixiene, por exemplo– e tendencias de pensamento que tiñan como cerne a superación do ser humano, camiño

da construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria, onde imperasen as relacións fraternais e o sistema produtivo se basease no traballo cooperativo. Abofé que o sinalado contribuiría a imaxinar, lonxe do auto-odio, unha Galiza que tronzara coa súa secular faciana e imaxe de subdesenvolvemento. Mais sería alén mar onde o acceso a un ensino e cultura letrada, reservado na Terra para uns poucos, tamén daría como resultado o desleixamento de centos e centos de compatriotas que, levados por complexos de inferioridade, non serían, intelectual nen emocionalmente, quen de imaxinar a devandita realidade e sumaríanse ao proxecto nacional español —e á dereita política, e mesmo, á ultradereita...—, realidade político-xurídica internacionalmente recoñecida, máis agradecida que a causa galega e á que non había que entregar os inxentes esforzos requiridos para a (re)construción nacional, aparelhada á creación dun Estado galego. Dunha ou outra postura en relación á cuestión nacional derivaría, á súa vez, a imaxe de cada quen sobre o país de orixe. Ora, observemos que esta dualidade vai ser claramente visíbel entre as elites da comunidade galega emigrada, responsábeis das publicacións que actuarían de espello do seu credo; ficando o resto de compatriotas expatriados vinculados en parte, mais non na súa totalidade, nunha ou outra posición. O resto estarían á marxe, reservando para si a idealización máis íntima da Galiza, daquela patria da que marcharan; idealización só visíbel a día de hoxe mercé ao epistolario que se vai recuperando, dentro do que conseguiu salvarse do paso do tempo, e a partir do que parcialmente sabemos deses íntimos pareceres.